



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E A “COMISIÓN DE INTERCAMBIO CULTURAL, EDUCATIVO Y CIENTÍFICO ENTRE ESPAÑA Y LOS ESTADOS UNIDOS DE AMÉRICA” EN MATERIA DE CULTURA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura e Turismo

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral Técnica ten previsto formalizar coa *Comisión de Intercambio Cultural, Educativo y Científico entre España y los Estados Unidos de América* o instrumento convencional plurianual arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

É obxecto deste convenio a colaboración entre a Consellería e a Comisión Fulbright para a realización de diferentes accións de formación, intercambio e fomento da cultura que se concretan na concesión de bolsas para candidatos vinculados a Galicia que desexen realizar estudos, estancias ou investigación en Estados Unidos no campo das Artes, e que cumpran os requisitos e sexan seleccionados de acordo coas estipulacións que se establezan nas convocatorias correspondentes.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería quere acometer a realización de actividades de formación e



intercambio de artistas de Galicia que redunden tanto na mellora da calidade do seu traballo como na súa proxección a nivel galego, estatal e internacional. Paralelamente estas accións terán eco na promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galegos así como doutras que supoñan o recoñecemento dos valores comúns vinculados aos dereitos culturais, a economía vinculada ás industrias creativas e o fomento da universalidade no mundo dixital.

Que a Comisión Fulbright estableceuse en España en 1958 por acordo executivo entre os dous países. O acordo renovouse en 1994 ampliando os obxectivos da Comisión orixinal e subliñando a súa independencia e foi prorrogado por troco de notas entre os Gobernos (BOE/BOE n.º 134, do 3 de xuño de 2004). A Comisión está formada por representantes dos dous países e copresidida por un alto cargo do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación e outro da Embaixada de Estados Unidos en España.

Que para o cumprimento dos seus fins a Comisión Fulbright promove intercambios culturais, educativos e científicos a través de programas de bolsas que permiten a cidadáns de ambos os países estudar, investigar e ensinar no outro país.

Corresponde á Subdirección Xeral de Innovación e Coordinación Administrativa da Secretaría Xeral Técnica, de acordo co establecido na alínea m) do artigo 5.2 do Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo, a planificación e desenvolvemento de plans e programas de formación, perfeccionamento e actualización no ámbito funcional da Consellería, cando non estean atribuídos a outros órganos da Consellería.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria
(*asinado dixitalmente*)

